



CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

ORDENANZA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE TERREOS E SOARES COMO MEDIDA DE PREVENCIÓN DE RISCOS E PROTECCIÓN CONTRA O LUME E OS INCENDIOS FORESTAIS

Por medio da presente Ordenanza, e de conformidade coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, coa normativa autonómica e estatal en materia de prevención e loita contra os incendios forestais e con calquera outra de pertinente aplicación, o Concello de Avión propón regular as actividades e comportamentos relativos ao medio ambiente, co obxecto de acadar as axeitadas condicións de limpeza de terreos e soares para evitar ou paliar, no posible, os perigos que puideran supoñer para a comunidade así como o risco de lumes ou incendios forestais, complementando con esta a súa normativa propia xa existente coa Ordenanza Municipal de Limpeza de Terreos e Soares e de Protección contra Incendios Forestais aprobada polo Pleno do Concello na súa Sesión do 19 de novembro de 2004.

Artigo 1º:

De conformidade co disposto no Artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello de Avión establece o Prezo Público pola prestación do servizo de limpeza de terreos e soares de propiedade distinta á municipal como medida de prevención de riscos e protección contra o lume e os incendios forestais.

Artigo 2º:

O presente servizo terá carácter rogado para os solicitantes e voluntario para o Concello de Avión, o cal, á vista das solicitudes presentadas e dos medios materiais e humanos de que dispoña, realizará un estudo da urxencia, necesidade e risco que supón a situación do predio para o que se solicita o servizo, tanto en si mesmo como no entorno no que se atopa. Segundo os resultados deste estudo, confeccionarase unha lista de prelación das actuacións a desenvolver, sen ter obriga algunha de acometer todas as solicitadas nin seguir a orde de solicitude. Todo isto sen prexuízo do disposto nos Artigos seguintes.

Artigo 3º:

Non obstante o anterior, o presente servizo terá carácter obrigatorio para o Concello de Avión cando veña determinado por algún plan, programa ou convenio con outra Administración Pública. Neste suposto a obrigatoriedade na prestación do servizo se cingirá ao contido dese plan, programa ou convenio, sen que por este motivo o propietario ou usufrutuario dos terreos poda eludir as súas responsabilidades. Neste sentido estarase ao disposto no parágrafo segundo do Artigo 4º. da presente Ordenanza.

Artigo 4º:

Constitúe o feito impoñible a utilización dos servizos municipais de limpeza de fincas e soares de propiedade distinta ao Concello de Avión. Para a utilización dos ditos servizos o interesado deberá cursar a pertinente solicitude ante o responsable do servizo, no eido da Concellería de Medio Ambiente, ou da que, coa denominación que foxe, teña atribuída esas competencias no organigrama da organización municipal, o cal realizará as actuacións que se recollen no Artigo 2º. da presente Ordenanza.



CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, N° 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

Cando por mor de algún plan, programa, convenio ou normativa ao respecto o propietario ou usufrutuário de terreos afectados polos mesmos tivese a obriga de proceder a súa limpeza en un prazo de tempo determinado, e se chegado o remate do mesmo non houberse solicitado o presente servizo nin realizado a preceptiva limpeza pola súa conta, o Concello de Avión intervirá directamente procedendo á limpeza dos terreos afectados a costa do seu propietario ou usufrutuário. De igual modo procederá no caso de que a situación dos terreos supoña un perigo ou evidente risco de incendio. Sendo de aplicación para estes casos o previsto na Ordenanza Municipal de Limpeza de Terreos e Soares e de Protección contra Incendios Forestais aprobada polo Pleno deste Concello na súa Sesión do 19 de novembro de 2004.

Artigo 5º:

Son suxeitos pasivos deste prezo público todos aqueles propietarios ou usufrutuários, ou os seus representantes legais, de terreos ou soares que soliciten a prestación deste servizo de limpeza. Igualmente, serán suxeitos pasivos os propietarios ou usufrutuários, ou os seus representantes legais, aos que se lles repercutan os custos das actuacións que teña que levar a cabo o Concello de Avión por mor do disposto no parágrafo segundo do Artigo 4º. da presente Ordenanza.

Artigo 6º:

O importe do prezo público a satisfacer pola utilización deste servizo virá determinado pola estimación do custo do mesmo, unha vez deducidas as subvencións, axudas ou achegas de calquera natureza concedidas ou que se prevean conceder por outras Administracións Públicas en cada exercicio e que teñan por obxecto a realización ou a colaboración na realización destes traballos.

O prezo público a aplicar en cada anualidade terá como contía máxima global o 90 % da resultante da operación anterior, en base á cal se determinará o prezo máximo a aplicar en cada exercicio, o cal será aprobado polo Pleno con anterioridade ao inicio da campaña de limpeza e publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

En calquera caso o prezo mínimo a satisfacer pola utilización deste servizo será:

- Para os traballos de limpeza manual: 10 €uros por cada 100 metros cadrados ou fracción.
- Para os traballos de limpeza con tractor ou outra maquinaria: 100 €uros por hectárea ou fracción.

Estes prezos mínimos aplicaranse no caso de que non se establezan outros distintos, segundo o previsto neste Artigo.

No suposto de que o Concello tivera que realizar os traballos previstos tanto no parágrafo segundo do Artigo 4º. da presente Ordenanza como os previstos ao efecto na de Limpeza de Terreos e Soares e de Protección contra Incendios Forestais, o importe a liquidar ao suxeito pasivo forzoso será o 150 % do prezo establecido para os solicitantes voluntarios do servizo.

Artigo 7º:

O presente prezo público satisfarase polo procedemento de autoliquidación e con carácter previo ao inicio da prestación do servizo.

No suposto de suxeitos pasivos forzosos, a liquidación do importe a satisfacer, segundo o previsto nos Artigos anteriores, farase pola Intervención do Concello de Avión e seguirase o procedemento previsto no Regulamento Xeral de Recadación, incluíndo, de selo caso, o procedemento de constrinximento, con devengo do recargo de apremio e xuros de demora.



CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, N° 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

Artigo 8º:

Facúltase expresamente á Xunta de Goberno Local do Concello de Avión para que, á vista de situacións especiais de necesidade, debidamente documentadas e xustificadas, poda establecer, de xeito extraordinario, reducións no prezo para aqueles propietarios ou usufrutuarios, ou os seus representantes legais, que a súa situación económica non permita o abono dos importes ou ben supoñan unha carga inasumible en todo ou en parte, e, non obstante, teñan terreos que supoñan en sí mesmos un perigo ou evidente risco de incendio. Podendo, se as circunstancias así o aconsellasen, chegar estas reducións ata o 100 % do seu importe.